



N. Expediente 3724/2024
F. Apertura 25/09/2024
Serie documental S0285 - Contratacións de subministración por procedemento aberto simplificado
Asunto Subministración, en réxime de aluguer, do alumeado público ornamental do Nadal 2024.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN

1.- Obra no expediente Prego de Prescricións Técnicas (PPT) elaborado en data 25.09.2024 polo Enxeñeiro Técnico Municipal para a execución do contrato de subministración, en réxime de aluguer, de ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025, por un importe máximo de 45.454,00 euros máis 9.545,34 euros (Total 54.999,34 euros.)

2.- En data 09.10.2023 emítese Memoria Xustificativa da necesidade a satisfacer do contrato de subministración. O contido literal da Memoria, é o que segue:

“MEMORIA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUER, DO ALUMEADO DE NADAL 2024

A presente memoria elabórase en cumprimento dos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e do artigo 73 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, xustificando na mesma os seguintes aspectos:

1.- Obxecto do contrato

O obxecto do presente expediente contempla a subministración en réxime de aluguer dos elementos decorativos de alumeado, así como o servizo de instalación e montaxe nas rúas e prazas de Tui, o mantemento durante o período do Nadal e a desmontaxe e retirada da instalación proposta pola empresa adjudicataria dos elementos lumínicos ornamentais, de acordo co establecido no Prego de Prescricións Técnicas elaborado polo Enxeñeiro Técnico Municipal de data 25.09.2024. O desenvolvemento do proxecto decorativo debe incluír os traballos de mantemento, cadros de protección, incluíndo a provisión e/ou fabricación dos elementos propostos.

2.- Necesidade do contrato.

O Concello de Tui estima necesario levar a cabo, como tradicionalmente ven facendo, a decoración das vías e espazos públicos de titularidade municipal durante a época do Nadal, co fin de dinamización do comercio, que pode encadrarse na competencia municipal prevista no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3.- Prezo, orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.





-Prezo: 54.999,34 euros, IVE incluído.

-Orzamento base de licitación: 54.999,34 euros, IVE incluído.

-Valor estimado do contrato: 45.454,00 euros

4.- Prazo de duración do subministro.

O acendido da iluminación realizarase o día 1 de decembro de 2024 e o apagado o día 7 de xaneiro de 2025, sendo estas datas orientativas, podendo establecerse polo órgano de contratación pequenas modificacións.

5.- Competencia para contratar

Recolle o apartado segundo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado primeiro da D.A. Segunda que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local

O apartado primeiro da D.A. Segunda da LCSP atribúe aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Neste caso, o valor estimado deste contrato, segundo se indica no orzamento de execución material incluído no proxecto, ascende a 45.454,54 euros, IVE excluído.

En conclusión, resulta en primeira instancia competente o Alcalde-Presidente do Concello de Tui como órgano de contratación. Mais debe considerarse que o Alcalde, mediante Decreto de 4 de xullo de 2023, delegou na Xunta de Goberno Local as competencias que en materia de contratación ten atribuídas aquel en virtude da Disposición Adicional Segunda da LCSP, excepto os contratos menores.

En consecuencia, as competencias como órgano de contratación corresponden, por delegación, á Xunta de Goberno do Concello de Tui, ostentando o Alcalde a potestade de, no seu caso, avocar a competencia para si, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, que neste caso estaría xustificada pola urxencia de contratar o alumado de Nadal.

6.- Clase de contrato.

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Este contrato ten un carácter mixto, xa que o seu obxecto contén prestacións propias do contrato de subministración e outras propias do contrato de servizo, aplicándose neste caso as normas relativas á prestación principal, o contrato de subministración segundo o disposto na letra a do artigo 18.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP)

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexeráse pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas levará a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP.





En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

7.- Xustificación do procedemento aplicable.

O procedemento de licitación do contrato de obras será o de procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario (art. 159 LCSP), considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a conveniencia de promover a concorrência na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato ascende a 45.454,00 euros (IVE excluído) (inferior a 140.000,00 €), e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego existen criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, sen que a súa ponderación supere o 25 por cento do total. Así mesmo, o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no artigo 131 da Lei de Contratos do Sector Público.

Por razón da contía o contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada, ao ser o seu valor estimado inferior a 215.000,00 euros de conformidade co artigo 21 da LCSP

8.- Lotes

O artigo 99.3. b) da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, prevé que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse no expediente. Entre os motivos válidos que xustificaría a NON división en lotes atópanse:

- Que a execución independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico.
- Que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza deste, por implicar a necesidade de coordinar a execución de diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a consecuente execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Consta no expediente informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal en data 25.09.2024 segundo o cal “Seguindo as directrices da lei o SUBMINISTRO DO ALUMEADO DE NADAL 2024 NON É SUSCEPTIBLE DE DIVIDIRSE EN LOTES, debido a que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do servizo dificultaría a correcta execución do mesmo, desde o punto de vista técnico”.

9.- Clasificación.

Según o artigo 77 da LCSP non resulta esixible a clasificación para os contratos de subministro.

10.- Criterios de adxudicación.

Os criterios para a adxudicación do procedemento son os seguintes:

Total puntuación: 80 puntos.

Fase I.- Criterios non avaliábeis de forma automática (Até 20 puntos).

Fase II: Criterios avaliábeis de forma automática (Até 60 puntos).

Fase I.- Criterios non avaliábeis de forma automática (Até 20 puntos).

A memoria-proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas e presentada será **valorada segundo os seguintes aspectos**

- Organización e claridade da memoria presentada (4 puntos).
- Coherencia do deseño da iluminación, así como con respecto ao PPT (5 puntos).
- Orixinalidade e innovación nos deseños da iluminación. (6 puntos).





- Plan de instalación e mantemento. (5 puntos).

Establécese unha puntuación mínima do 50% (10 puntos) dos criterios relacionados “ut supra”, para poder continuar no proceso de licitación, en aplicación do estipulado no artigo 146.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Fase II: Criterios avaliáveis de forma automática (Até 60 puntos).

1. **OFERTA ECONÓMICA**, ata 40 puntos, aplicando a seguinte fórmula: $P = P_{max} - PR * 100 * [(Of - Oe) / Oe]$. Onde:

P: Puntuación obtida pola oferta a valorar. Pmax: Puntuación máxima do criterio prezo.

PR: Puntos que se restan por cada 1% de diferenza entre a mellor oferta e a oferta que se valora. Valor para o presente contrato: PR=1.

Of: Oferta a valorar.

Oe: Oferta mais económica.

2. **NÚMERO DE LÁMPADAS LED TOTAIS**, ata 10 puntos.

Outorgarase 10 puntos á oferta que máis lámpadas LED instale, recibindo o resto das ofertas a puntuación de maneira proporcional.

3. **METROS CADRADOS DE ELEMENTOS LUMINOSOS QUE SE INCLÚEN NA OFERTA** : ata 10 puntos.

Neste apartado se valorará a cantidade total, debidamente especificada, de metros cadrados de elementos luminosos incluídos na oferta e que se correspondan cos especificados no prego de prescricións técnicas, entendendo esta medida como a resultante da suma total das medidas unitarias de cada elemento. A medida unitaria de cada elemento expresada en metros cadrados será a resultante de multiplicar a lonxitude total do mesmo pola súa anchura no punto máis ancho. As medidas concretas de largo, ancho e metros cadrados de cada elemento luminoso deberá constar obrigatoriamente na documentación aportada e no certificado de instalación.

A avaliación deste criterio se efectuará según os seguintes criterios:

- A proposición que presente a cantidade de metros cadrados máis alta obterá a máxima puntuación: 10 puntos.
- As proposicións que presenten unha cantidade de metros cadrados equivalente ao 50%, ou inferior, do número de metros propostos na oferta máis alta se lles asignará unha puntuación nula: cero puntos.
- O resto das proposicións serán valoradas de xeito directamente proporcional entre estes dous límites.

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecéndose unha pluralidade de criterios cos que se pretende conseguir a mellor relación calidade-prezo das ofertas que de cobertura ás necesidades a satisfacer a través do contrato. Os criterios propostos están vinculados ao obxecto do contrato (ao estar vinculados ás prestacións a realizar en virtude do contrato), están formulados de xeito obxectivo e resultan acordes aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada e contribúen a obter un servizo de calidade que responde ás necesidades do Concello. Así mesmo os criterios propostos permiten que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.”





Á vista do exposto, considerando as potestades que me confire a lexislación vixente, concretamente a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público,

DISPOÑO

Primeiro.- Incoar as actuacións precisas para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, do Contrato de subministración, en réxime de aluguer, da ILUMINACIÓN EXTERIOR-ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE TUI DURANTE AS FESTAS DO NADAL 2024-2025, por un importe máximo de 45.454,00 euros máis 9.545,34 euros (Total 54.999,34 euros.), de acordo co Prego de Prescricións Técnicas elaborado polo Enxeñeiro Técnico Municipal con data 25.09.2024.

Os CPV identificativos do contrato son:

31520000-Lámparas y accesorios de iluminación.,
31527200-Luces para alumbrado exterior.

Segundo.- O procedemento de licitación do contrato de obras que se propón será o de procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a natureza do contrato e a conveniencia de promover a concorrência na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior a 140.000,00 € e que entre os criterios de adxudicación que se propoñen existen criterios evaluables mediante xuízo de valor, sen que a súa ponderación supere o 25 por cento do total. Así mesmo o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinarios previsto no artigo 131 da LCSP.

Terceiro.- Xustificar a celebración do contrato polos motivos sinalados na Memoria xustificativa da necesidade a satisfacer, de data 15.10.2023 e que obra no expediente, que se transcribe de seguido:

“,,/,,,”

O Concello de Tui estima necesario levar a cabo, como tradicionalmente ven facendo, a decoración das vías e espazos públicos de titularidade municipal durante a época do Nadal, co fin de dinamización do comercio, que pode encadrarse na competencia municipal prevista no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

.../...”





Cuarto.- Solicitar retención de crédito por importe de 54.999,34 € con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Quinto.- Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares que deben de rexer o contrato e o proceso de adxudicación, con arreglo aos seguintes criterios de adxudicación:

Total puntuación: 80 puntos.

-Fase I.- Criterios non avaliados de forma automática (Até 20 puntos).

-Fase II: Criterios avaliados de forma automática (Até 60 puntos).

Fase I.- Criterios non avaliados de forma automática (Até 20 puntos).

A memoria-proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas e presentada será **valorada segundo os seguintes aspectos**

- Organización e claridade da memoria presentada (4 puntos).
- Coherencia do deseño da iluminación, así como con respecto ao PPT (5 puntos).
- Orixinalidade e innovación nos deseños da iluminación. (6 puntos).
- Plan de instalación e mantemento. (5 puntos).

Establécese unha puntuación mínima do 50% (10 puntos) dos criterios relacionados “ut supra”, para poder continuar no proceso de licitación, en aplicación do estipulado no artigo 146.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Fase II: Criterios avaliados de forma automática (Até 60 puntos).

1. OFERTA ECONÓMICA, ata 40 puntos, aplicando a seguinte fórmula: $P = P_{max} - PR * 100 * [(Of - Oe) / Oe]$. Onde:

P: Puntuación obtida pola oferta a valorar. P_{max}: Puntuación máxima do criterio prezo.

PR: Puntos que se restan por cada 1% de diferenza entre a mellor oferta e a oferta que se valora. Valor para o presente contrato: PR=1.

Of: Oferta a valorar.

Oe: Oferta mais económica.

2. NÚMERO DE LÁMPADAS LED TOTAIS, ata 10 puntos.

Outorgarase 10 puntos á oferta que máis lámpadas LED instale, recibindo o resto das ofertas a puntuación de maneira proporcional.

3. METROS CADRADOS DE ELEMENTOS LUMINOSOS QUE SE INCLÚEN NA OFERTA : ata 10 puntos.





Neste apartado se valorará a cantidade total, debidamente especificada, de metros cadrados de elementos luminosos incluídos na oferta e que se correspondan cos especificados no prego de prescricións técnicas, entendendo esta medida como a resultante da suma total das medidas unitarias de cada elemento. A medida unitaria de cada elemento expresada en metros cadrados será a resultante de multiplicar a lonxitude total do mesmo pola súa anchura no punto máis ancho. As medidas concretas de largo, ancho e metros cadrados de cada elemento luminoso deberá constar obrigatoriamente na documentación aportada e no certificado de instalación.

A avaliación deste criterio se efectuará según os seguintes criterios:

- a) A proposición que presente a cantidade de metros cadrados máis alta obterá a máxima puntuación: 10 puntos.
- b) Ás proposicións que presenten unha cantidade de metros cadrados equivalente ao 50%, ou inferior, do número de metros propostos na oferta máis alta se lles asignará unha puntuación nula: cero puntos.
- c) O resto das proposicións serán valoradas de xeito directamente proporcional entre estes dous límites.

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecéndose unha pluralidade de criterios cos que se pretende conseguir a mellor relación calidade-prezo das ofertas que de cobertura ás necesidades a satisfacer a través do contrato. Os criterios propostos están vinculados ao obxecto do contrato (ao estar vinculados ás prestacións a realizar en virtude do contrato), están formulados de xeito obxectivo e resultan acordes aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada e contribúen a obter un servizo de calidade que responde ás necesidades do Concello. Así mesmo os criterios propostos permiten que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Sexto.- Que, por parte da Secretaría e Intervención municipais se proceda á emisión dos informes correspondentes de acordo coa normativa de aplicación.

Sétimo.- Que, unha vez completado o expediente, e con carácter previo a aprobación do mesmo, se emita informe de Intervención de acordo coa normativa de aplicación.

Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui.

Documento asinado electronicamente ao marxe.

